

BARBANCESES NO SEU RECUNCHO ESTHER FERNÁNDEZ CARRODEGUAS

«Cando coñecín a historia de Airiños foi cando me decatei da súa dimensión»

M. X. BLANCO
RIBEIRA / LA VOZ

Desprende unha vitalidade que foi quen de transmitirle aos venteráns integrantes de Airiños, aos que non só puxo a cantar e a bailar enriba do escenario, senón que ata conseguiu que algún se arrancase a rapear. A compañía petou á súa porta hai pouco máis de un ano para que imprimira un aire novo ás representacións e Esther F. Carrodegas está empeñada en cumprir esta misión. Volver a Rianxo permitiulle reencontrarse coas súas raíces.

Este regreso xestouse nunha conversa casual: «Estaba estudando na escola de teatro de Santiago e unha amiga da miña nai, actriz en Airiños, comentoume que levaban moitos anos facendo o mesmo e que había gañas dunha evolución. Medio en broma, eu ofrecínme a poñerles as pilas». Ao pouco tempo, Esther recibiu unha chamada da compañía de Asados para impartir un curso de verán, que culminou cunha representación.

A experiencia debeu resultar positiva, pois foi definitiva para que pasara a facerse cargo da dirección do grupo. Produciuse entón un cambio drástico na vida de Carrodegas: «Tiña un gran distanciamento coa miña vila porque estudei fóra e o certo é que nunca pensara en ter unha relación profesional con Rianxo. Dirixir Airiños permitiulle reencontrarme coa miña propia vila, coas miñas raíces».

DNI

Nome
Esther F. Carrodegas

Idade
33 anos

Profesión
Montadora de televisión e directora máis actriz de teatro

Recuncho
A praia de Tronco «porque é a que está máis preto da miña vivenda familiar e a única verdadeiramente natural que queda en Rianxo»

De regreso na súa vila, volveu a converterse en usuaria habitual da praia de Tronco, o seu recuncho preferido: «É a que está máis preto da miña vivenda familiar e a única verdadeiramente natural que queda en Rianxo. Vou alí a pasear, a escribir ou, sinxelamente, a ver o mar».

Unha gran responsabilidade

Nun primeiro momento non se decatou, pero co paso do tempo, Fernández foise dando conta da gran responsabilidade que conleva facerse cargo da compañía decana de Galicia: «Eu tomo a creatividade como un xogo, pero cando coñecín a historia de Airiños foi cando me decatei da súa dimensión, da responsabilidade que supón dirixilo».

Algún dos integrantes da agrupación leva máis anos enriba do escenario que dos que ten a propia Esther e iso, en ocasións, resulta, cando menos, chocante: «Moitas veces teño que deixar de lado o meu orgu-



Carrodegas acode con frecuencia a Tronco para ler, escribir, pasear ou ver o mar. CARMELA QUEIXEIRO

llo e deixarme guiar por eles. É unha sorte poder aprender da súa experiencia».

Aínda así, Carrodegas recoñece que esta diferenza xeracional é, quizais, o obstáculo máis grande que ten que afrontar no seu día a día en Airiños: «Eu veno de traballar con xente nova e a enerxía é outra. Ao principio foi un choque habituarse a outro ritmo, a proxectos a longo prazo, á repetición de contidos, a ter paciencia. A miña sorpresa foi descubrir que, ao final, funciona».

Non leva moito tempo coa compañía de Asados, pero xa tivo ocasión de acompañar ao elenco nun dos días máis grandes da historia do grupo, a actuación no Teatro Principal de Santiago: «Con catrocentas persoas de pé, aplaudindo, para Airiños ese día foi un soño feito realidade e, para min, acompañalo e darlles enerxía foi un momento moi grandioso e emocionante».

«Esta é a miña casa, pero quero que o grupo sobreviva sen min»

Esther está nestes intres mergullada nos ensaios da nova obra de Airiños, que se estreará o 10 de novembro en Rianxo. Trátase de *Nin rico nin probe, senón todo o contrario*, unha farsa que segue a liña da representada o ano pasado. A directora pretende darlle despois un gran xiro á compañía: «Xa lles dixen que esta era a derradeira farsa. É unha forma de consolidar o aprendido o ano pasado pero, a partir de agora, gustaríame cambiar radicalmente de estilo».

Sabe que é un reto complicado, pois a comedia é o xénero por excelencia da compañía de Asados e o elenco sabe que, botando man dela, ten o éxito garantido: «Eles están cómodos neste estilo, pois dálles confianza de cara á resposta do público, pero hai que arriscarse».

É moi probable que o xiro radical de Airiños chegue o vindeiro ano, coincidindo coa conmemoración do oitenta aniversario da súa fundación: «Quero facer algo que teña un significado especial». Pero Esther non ten moi claro o que. Dubida entre retomar unha representación das que integran a longa traxectoria do grupo ou decantarse por unha das pezas que o colectivo sempre quixo montar e nunca o fixo.

Aínda que Carrodegas está plenamente integrada na gran familia de Airiños, pretende conseguir que a compañía sexa independente: «Esta é a miña casa, pero quero que o grupo sobreviva sen min. Non quero que teña que ser unha necesidade que eu siga para que a agrupación avance».

FARMACIAS DE GUARDIA

RIBEIRA		
Galicia, 121 (López)	981 871 055	
BOIRO		
Escarabotinho, 20	981 845 925	
NOIA		
A Fanequeira, 7	981 820 073	
OUTES		
Ribeira do Freixo, 26	981 765 196	
MUROS		
Avenida Castelao, 119	981 762 034	
MAZARICOS		
Progreso, 1	981 852 051	
CARNOTA		
Igrexa, 2	981 857 085	
PORTO DO SON		
Portosín	981 766 171	
A POBRA		
Devesa, 1	981 832 762	
RIANXO		
Asados	981 862799	

BOIRO

Curso en el Náutico para obtener el título

El Náutico de Boiro y la Federación Gallega de Vela realizarán un curso de dos días para conseguir el título que permite manejar embarcaciones de hasta seis metros de eslora. El precio total de la actividad, que se desarrollará los próximos días 26 y 27, es de 144 euros. El plazo para inscribirse acaba el lunes. La anotación puede hacerse en la federación o en las oficinas del Náutico de Boiro. El seminario está dirigido a mayores de 18 años o de 16 con autorización paterna.



A POBRA

Últimas salidas para ir a la Festa do Marisco

Los barbanzanos tienen este fin de semana la última oportunidad para sumarse al plan ideado por la Mancomunidade Arousa Norte para conectar mediante un cata-marán la comarca y O Grove durante la Festa do Marisco. Tanto hoy como mañana, la embarcación partirá a las 11.00 horas del muelle de A Pobra y regresará a este mismo punto a las 18.30. El precio del viaje, que está subvencionado, es de diez euros para los adultos. Los menores de 12 años irán gratis.

RIBEIRA

Siete talleres para las personas mayores

El Concello de Ribeira, en el marco del programa de dinamización de la tercera edad, oferta siete talleres. Se trata de clases de estimulación cognitiva, enriquecimiento educativo, pandereta, gallego, restauración de muebles, inglés y bailes de salón. El objetivo es desarrollar por lo menos una actividad en cada parroquia. Todas aquellas personas mayores del municipio que quieran participar tienen que contactar con el departamento de Servizos Sociais. Pueden llamar al 981 874 131.